

¡CAIGAN LAS ROSAS BLANCAS! 1499

Albertina Carri, 2024

ESTREA EN NUMAX: 12.04.2025 | V.O. | +16 | 125 min

O filme segue a Violeta, unha directora de cinema que no seu día fixo unha exultante película porno lésbica e agora é contratada para facer unha longametraxe porno convencional e ecolóxico.



Unha road movie lúdica e experimental

Por Diego Batlle

¿*Caigan las rosas blancas!* pode verse como unha continuación ou secuela non recoñecida do seu traballo inmediatamente previo, *Las hijas del fuego*, porque reencontramos varias actrices interpretando os mesmos personaxes e volve tamén parte do equipo técnico, pero é tamén unha película que vai “en contra” da anterior. Se naquel filme de 2018 había unha viaxe cara ao Sur e a idea de probar co porno amateur, aquí abandona a xélida Patagonia para dirixirse cara ao caloroso norte mesopotámico coa mira posta como destino final na urbe brasileira de São Paulo. E, nese sentido, *¿Caigan las rosas blancas!* é unha road movie feminina (e, por tanto, con algunha afastada reminiscencia de *Thelma & Louise* (Ridley Scott, 1991) ou *Mulholland Drive* (David Lynch), sempre lúdica e experimental, que aposta cada vez máis pola deriva e a fantasía.

Este filme mutante, fascinante e desconcertante á vez, cuxa duración alcanza os 123 minutos, comeza cunha proposta de cinema dentro do cinema con Violeta (Carolina Alamino) fuxindo no medio dunha profunda neurose e crise creativa do estudio onde está a dirixir unha película porno máis *mainstream*, industrial e con aires de musical a puro artificio (vemos as actrices colgadas do teito con arneses no medio dunha escenografía recargada) logo do éxito do seu traballo previo (que viría ser o de *Las hijas del fuego*).

A bordo dunha destartalada camioneta, Violeta e as súas compañeiras de aventuras (Rocío Zuviría, Maru Marcet e Mijal Katzowickz) escapan da gran cidade rumbo a roteiros abatidos, pobos fantasmas, selvas cheas de perigos, encontros fortuítos (as mecánicas interpretadas por Laura Paredes e Valeria Correa terán unha hilarante aparición especial) e situacións cada vez máis oníricas e surreais. Unha fuga cara a adiante en busca de liberdade (creativa, política, sexual) que as fará cambiar non só de destinos senón tamén de prioridades nas súas vidas.

A directora de *Los rubios* (2003), *Géminis* (2005), *La rabia* (2008) e *Cuaterros* (2016) permítese ir desde o documental en Super 8 ata o mito vampírico con todas as escalas intermedias que poidan imaxinarse. O do Super 8 non é un mero capricho estilístico e visual. As protagonistas van perdendo os seus móbiles, as súas cámaras dixitais, as súas baterías, os seus GPS's (todo un símbolo) e Violeta descobre nunha cámara analóxica, arcaica, en desuso, unha sorte de regreso ao básico, ao puro, ao esencial. Porque ese é a dobre viaxe que propón *¿Caigan las rosas blancas!*: un exterior, desenfreado, caótico, delirante; e outro moito máis íntimo, visceral e transformador.

Publicado en otroscines.com